

# PRESENTACIÓN SOLICITUDES DE ADMISIÓN

Informamos de que o período de presentación, na Secretaría do Centro, de solicitudes de admisión para o novo alumnado será **do 1 ao 20 de Marzo**, no seguinte horario:

- **De 9:00 a 9:50 de luns a venres.**
- **De 13:10 a 14:00 de luns a venres.**

Para concretar cita noutro horario chame aos teléfonos:

- **881930070**
- **881930071**

## Documentación a presentar:

- **Modelo de solicitude cuberto:**

As persoas solicitantes poderán:

- Cubrir os formularios (ED550B). na aplicación *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) e presentalos por **vía electrónica**, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, sempre que se dispoñan de certificado dixital ou de Chave365. O anexo II-bis, unha vez cuberto, deberán imprimilo, asinalo e axuntalo coa solicitude (anexo II).
  - Descargar os formularios da aplicación *admisionalumnado*, (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) para cubrilos manualmente e presentalos de forma presencial (ED550B).
  - O impreso tamén será facilitado no propio centro.
- 
- **A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:**
  - Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a (fotocopia do DNI ou do libro de familia).
  - Certificado de matrícula do curso actual. (Agás para 4º infantil)
  - Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.
  - Documento acreditativa do alumnado con necesidades específicas, de ser o caso.

## Importante:

- É necesaria o consentimento de ambas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, coa única excepción do consentimento do agresor nos casos de violencia de xénero. En consecuencia, todas as solicitudes deben figurar asinadas por unha das persoas proxenitoras/titoras/acolledoras, e debe xuntarse a todas o documento asinado co consentimento da outra (modelo anexo II-bis)
- Alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- Todo o alumnado poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.
- Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.
- A solicitude de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
- A admisión e matriculación nun centro docente público implicará respetar o proxecto educativo.
- O centro adscrito ao CEIP Plurilingüe Santa María é o IES Moncho Valcarce.

## CRITERIOS DE ADMISIÓN

### ➤ **Membros computables da unidade familiar:**

A unidade familiar está composta por:

a) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, as titoras ou acolledoras do alumnado.

b) Os/as fillos/as menores de idade.

c) Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade que estean incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos se convivan no domicilio familiar.

e) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou análoga relación de afectividade ás anteriores con convivencia no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.

Polo tanto, nos casos de separación ou divorcio:

- Con **custodia compartida**: a unidade familiar está composta polas persoas proxenitoras e os seus descendente comúns.

- Con **custodia exclusiva**: a unidade familiar está composta pola persoa proxenitora que teña a custodia exclusiva e os fillos suxeitos a esta custodia; e de ser o caso, polo novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora. Non se inclúe á outra persoa proxenitora do alumnado.

- Na valoración do **criterio de irmás ou irmáns** matriculados en centros educativos públicos, consideraranse os escolarizados no centro adscrito ou no de adscrición no nivel inmediato superior .
- A persoa solicitante indicará na solicitude de admisión se quere que se lle valore a proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou a do lugar de traballo.
- Considérase domicilio familiar aquel en que convivan habitualmente os membros computables da unidade familiar cunha antigüedad mínima dun ano respecto do inicio do prazo de presentación de solicitude.

- Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual.

Para tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas **435** (base imponible xeral) e **460** (base imponible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2021; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 1 de marzo de 2023.

Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual correspondente ao ano 2021, que está fixado en 6.778,80 euros.

- Enténdese por familia **monoparental** (artigo 9.1.g) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro) o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas, tutelados e acollidos ao seu cargo nos supostos recollidos no artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

**Dirección Xeral de Familia e dinamización demográfica**

**Subdirección Xeral de Política familiar**

**Servizo de protección de menores**

**San Caetano**

[881999011](tel:881999011)